



**NARÓN**

**Datos Do Expediente:**

PROCEDEMENTO ABERTO		
Unidade Tramitadora:		
Contratacion e Obras Publicas - IMG		
Número expediente:	Documento:	Data:
CON/12/2012	CONWI05L	26-04-2012
1T163R2N603V5Y0E0WEQ		

ACTA DA REUNIÓN MANTIDA POLOS MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A APERTURA DO SOBRE "B" REFERENTE A DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN NON AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DO CONTRATO DE ASISTENCIA TÉCNICA SERVIZOS BIBLIOTECARIOS

Sendo as 12 horas e trinta e cinco minutos do día 25 de abril de 2012, reúnese a Mesa de Contratación formada do seguinte xeito:

Presidente:

D. José Manuel Blanco Suárez (Alcalde)

Vogais:

D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli (Secretario Xeral)  
D. Manuel G. Antón Villamil (Interventor Accidental)  
D. Alfonso Filgueira López (Xefe Servizo Sociocomunitario)


Secretario da Mesa

Ignacio Mazaira Garro (Xefe Sección Contratación)

A hora indicada o Presidente procede a apertura da sesión e toma a palabra o Secretario para dar conta da reunión mantida para cualificar a documentación administrativa presentada polas empresas licitadoras, comunicando que foron admitidas todos os licitadores presentados agás a empresa ATLAS SERVICIOS EMPRESARIALES S.A. ao considerarse que non acreditaba solvencia técnica suficiente para a realización deste contrato, xa que logo, dos traballos realizados con anterioridade e relacionados pola empresa, so un deles contiña aspectos relacionados co obxecto do contrato e dun xeito transversal, dado que o contrato coa Consellería de Educación, Cultura e Deportes da Dirección Territorial de Educación das Palmas consistía en servizos diversos entre os que se atopaban o apoio a titoría, biblioteca e actividades extraescolares. Neste momento abandona a sala o representante da empresa rexeitada.

De conformidade co disposto no artigo 27.1 do R.D. 817/2009 de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de Contratos do sector público e cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares, procédesse a apertura do sobre "B" Criterios non avaliados en cifras ou porcentaxes, dándose a coñecer o contido dos mesmos e dando traslado dos mesmos aos servizos técnicos para o seu informe.

Non sendo outro o obxecto do acto, a Presidencia da por rematada a reunión as doce horas e corenta e cinco minutos da data sinalada no encabezamento, da que eu como secretario dou fe, estendéndose a presente acta que asino co visto e praxe do Sr. Presidente.



O SECRETARIO